

# PLAN de IGUALDADE

IES de Chapela 2020

# Índice

<b>I. Introducción</b>	2
<b>II. Contextualización normativa do centro</b>	6
<b>III. Análise da situación do centro</b>	8
<b>IV. Persoas destinatarias</b>	11
<b>V. Obxectivos coeducativos</b>	12
V.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	
V.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero	
V.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	
V.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia	
<b>VI. Medidas de actuación</b>	14
VI.1 Organización de centro	
VI.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores e saberes	
VI.3 Xestión dos espazos, recursos e oportunidades de realización vocacional	
VI.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	
<b>VII. Temporalización</b>	19
<b>VIII. Seguimento e avaliación</b>	20
<b>Referencia bibliográfica e recursos</b>	26
<b>Glosario</b>	29
<b>Anexos</b>	30

## I. Introducción

É ampla e coñecida a lexislación e normativa que promulga a igualdade das persoas ante a lei, desde hai anos máis sensible á igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero. Mais a lei non sempre se reflicte na nosa realidade, nin en todos os ámbitos sociais e espazos que nos tocan vivir. A igualdade habemos de conquistala día a día, e a escola é un lugar privilexiado para poñer en práctica esta loita transformadora da sociedade. Unha loita con avances, retrocesos, e co perigo de volta a etapas escuras do noso pasado recente. Os intentos de varias comunidades autónomas que desde as súas consellerías de educación pretenden implantar un *pin parental* que deixe ao arbitrio das familias a educación nestes valores, debe poñernos en alerta e se cabe, facernos turrar máis por estes dereitos e liberdades fundamentais, base dunha sociedade plural e democrática. A igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.

Aplicar o plan de Igualdade nun centro educativo é un tarefa complexa, mais o feito de que unha comunidade educativa reflexione e faga autocrítica dos prexuízos base de condutas discriminatorias ou reprodutivas de realidades con base na desigualdade, é xa de por si unha vitoria. Reflexión e autocrítica que deben ir seguidos de formación, concienciación e acción desde os primeiros niveis educativos. Faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade e a acadar un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades.

O IES de Chapela leva anos traballando a prol dun centro coeducativo con múltiples medidas e accións que teñen dado importantes froitos, ademais de recoñecementos como a concesión do *Premio Irene – A paz empeza en casa* nas súas primeiras convocatorias de 2006 e 2007. Aínda así é posible que falte un plan ou

estrutura que confira unha maior organización e orientación a todas as actuacións que se levan cabo.

Como marca o Art. 126.2 da LOE o principal órgano de goberno do centro, o Consello Escolar, conta cunha persoa para impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

No presente ano activáronse dous protocolos de cambio de identidade de xénero con respecto á que lle foi asignada no seu nacemento a dúas persoas, unha delas menor. A aceptación e cumprimento do protocolo por parte de toda a comunidade educativa foi moi satisfactoria. Tanto o claustro como o persoal non docente do instituto foron informados desta situación, na que se contou co traballo e asesoría do Departamento de Orientación. En todo momento seguíronse as recomendacións organizativas e educativas que marca o *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero* presentado desde a Consellería de Educación en 2017.

As celebracións puntuais ou conmemoracións forman parte sempre do noso calendario de actividades. Dúas delas son prescritas xa no propio calendario escolar, o 25 de novembro *Día Internacional contra a Violencia de Xénero* e o 8 de marzo *Día Internacional da Muller*. A estas, nós engadimos o 11 de outubro *Día Internacional da Saída do Armario* e o 20 de novembro *Día Internacional da Memoria Trans*, organizado polo Concello de Redondela. É de subliñar a colaboración coa institución municipal neste e noutros actos, como o do 25 de novembro, onde a nosa presenza no Concello adquire un significado de representación oficial. Tentamos sempre que este tipo de conmemoracións non quede no anecdótico do acto simbólico e se insira no día a día do centro e das aulas. Desde as distintas materias e módulos que se imparten nas clases trabállanse os valores vencellados a estas datas con producións artísticas audiovisuais, literarias, plásticas...

Desde sempre se realiza una orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero poñendo o foco naqueles ámbitos profesionais nos que os homes e mulleres están menos representados. Esta acción, coordinada desde o Plan de Acción Titorial, levou o ano pasado a saídas didácticas dirixidas en exclusiva ao alumnado feminino do centro que visitou facultades de ciencias da UVIGO co

propósito de romper a marca de xénero tan fonda que nese curso académico existía no noso centro. Tamén nas xornadas de orientación que se desenvolven todos os anos téntase visibilizar a presenza feminina en distintas profesións ata hai nada identificadas co mundo masculino.

As charlas e conferencias de poñentes externas e externos constitúen tamén un bo xeito de achegarse de xeito máis atractivo á sexualidade e á súa diversidade. Ao longo do curso 18-19, e no curso actual, son moitas as oportunidades nas que alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos, recibe formación e información nestes temas. Desde charlas máis xerais sobre sexualidade dirixidas ás máis novas e aos máis novos de ESO, ata contidos máis específicos como conferencias sobre "prostitución e traballo sexual" para o alumnado do CS de Integración Social, ou sobre a "situación do colectivo trans no Salvador", para o CS de Educación Infantil.

Gran número das accións levadas a cabo en pro da igualdade non teñen unha obriga normativa e son asumidas como unha marca de identidade do propio centro. No curso pasado o IES de Chapela subvencionou e presentou a obra poética dunha veciña da nosa localidade, Sesé Mateo, asasinada pola súa ex-parella en 2018. O seguimento dos medios de comunicación, e transcendencia do acto, puxo ao noso centro educativo no epicentro da loita pola igualdade e contra a violencia de xénero en Galicia. Tamén foi protagonista o instituto na designación da biblioteca de Chapela co nome da poeta Xela Arias, a quen ademais se lle dedicou un *graffitti* no instituto cuxa lenda fala ben ás claras do empoderamento feminino: "independénciome para que eu saiba onde quero estar atada".

E se atendemos á linguaxe, promóvese de xeito constante o uso da linguaxe inclusiva en todos os documentos do centro, insistindo tamén nas comunicacións orais formais dentro da comunidade educativa, que día a día as incorpora aos hábitos cotiáns de comunicación.

A participación dun importante número de profesorado nun PFPP arredor da convivencia, serviu tamén de marco para a reflexión da igualdade e dos conflitos relacionados co xénero. En paralelo a este PFPP creouse un grupo de mediación formado por alumnas que implementaron unha intensa campaña na liña do

feminismo e no recoñecemento da diversidade afectivo sexual e das identidades de xénero.

No curso 18-19 desde a dirección do centro, en colaboración coas persoas titoras, interveuse en dous casos de acoso machista e abordáronse algunhas condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, porcentualmente non significativas. Neste curso 19-20 temos activado medidas para a protección dunha vítima de violencia de xénero que abranguen desde o apoio e escoita á alumna, ata distintas precaucións para reforzar a súa seguridade no centro. Tamén no presente curso realizouse o seguimento exhaustivo e denuncia, da práctica de compartir *nudes* de alumnado da idade de 12 e 13 anos, principalmente feminino, con outros alumnos e alumnas e con xente externa ao centro que estaba a poñer as alumnas en situacións de risco. Nalgúns destes casos as vítimas dos mesmos eran criminalizadas e xulgadas polo resto das compañeiras e compañeiros tendo como base estereotipos de xénero que foron analizados e desmontados diante do alumnado.

Todas estas medidas non deixan de ser unha mostra de moitas accións que día a día se poñen en marcha no noso centro e que como apuntabamos máis arriba deben adoptar unha estrutura, este mesmo plan de igualdade, que lles confira unha maior organización e orientación.

## II. Contextualización normativa

Con anterioridade á Instrución do 6/9/2019 o noso centro xa recollía en plans e documentos de organización, accións e cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, aínda que de xeito pouco explícito e diferenciado.

Tamén partimos do seguinte marco normativo, base legal para o noso plan:

- ✓ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ✓ Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ✓ Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ✓ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia.
- ✓ Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ✓ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- ✓ Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ✓ I Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- ✓ Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- ✓ Decreto 120/1998 de 23 abril polo que se regula a Orientación Educativa e profesional de Galicia.

No **Proxecto Educativo** aprobado no curso 2014/15 o IES de Chapela manifesta concibir a educación *como unha formación da persoa rexida polos principios de coeducación, integración, dereito á diferenciación, atención á diversidade e fomento do espírito crítico a través das actitudes e valores*. Máis expreso amósase cando enuncia algúns dos obxectivos clave do proxecto.

- Erradicación de prexuízos sexistas, non permitindo ningún tipo de comportamento sexista que provoque desigualdades entre alumnos e alumnas, nin admitindo imaxes estereotipadas ou de dominio entre sexos, favorecendo sempre o bo trato e respecto entre iguais.
- Priorizar a educación para a saúde, a igualdade, e a educación medioambiental.
- Promover de maneira efectiva a concienciación de toda a comunidade escolar sobre a igualdade da muller e o home, en todos os órganos e ámbitos, fomentando unha cultura de respecto e non discriminación.

O **Plan de Convivencia** mostra poucas referencias claras á coeducación e igualdade fóra de alusións globais á convivencia, respecto e tolerancia. Si sinala a realización de obradoiros de educación sexual e actividades contra a violencia de xénero dentro do labor titorial e do Departamento de Orientación. Como obxectivo xeral tamén destaca *mellorar as relacións entre o alumnado fomentando actitudes de solidariedade, compañeirismo, non violencia, igualdade e respecto ao demais*.

Tampouco as **Normas de Organización e Funcionamento** do centro fan mencións demasiado explícitas á igualdade. Pode que os parágrafos máis salientables nesta dirección sexan os que abren o epígrafe dos dereitos do alumnado.

- Todo o alumnado ten dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, etnia, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por calquera diversidade funcional física, sensorial ou psíquica, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social. O centro comprométese ao establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades, á aplicación dos protocolos en vigor, así como de iniciativas que eviten a discriminación e accións positivas tendentes á integración e inclusión de todos os membros da comunidade educativa.
- Todo o alumnado ten dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade a nivel académico, persoal e profesional, nunhas condicións de seguridade e hixiene óptimas.

Doutros plans e proxectos de centro como o **Plan TIC, Proxecto Lector, Plan Xeral de Atención á Diversidade** ou **Proxecto Lingüístico**, non podemos tirar mencións expresas máis alá de xeneralidades aplicables a todas e a todos sen ningunha marca de xénero. Si é certo que o Proxecto Lingüístico indica nos seus resultados sobre o uso do galego entre os distintos sectores da comunidade educativa unha fenda entre mulleres e homes pola cal elas farían un menor uso do idioma propio de Galicia. Aínda así non se propón ningunha medida compensatoria. Faltaría neste apartado o **Plan de Acción Titorial**, en fase de redacción e actualización.

As programacións dos **departamentos didácticos** non dedican apartados específicos e diferenciados á igualdade, e a presenza deste obxectivo aparece de xeito sucinto xunto a outros elementos transversais.



### III. Análise da situación do centro

No IES de Chapela non se ten realizado ata a data unha recollida de datos ampla que nos permita dispor dunha diagnose completa sobre a cal formular axeitadamente o plan de igualdade do noso centro. É este un dos obxectivos e liñas de actuación de cara ao vindeiro curso escolar 2020/21. Deseñaremos e realizaremos enquisas acaídas que nos permitan coñecer o sentir do noso instituto arredor da igualdade de xénero, a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Si obtivemos algún dato da recente II Enquisa sobre Convivencia Escolar realizada pola Consellería Escolar o curso pasado e cuxo resultado foi presentado o pasado mes de xaneiro. É de salientar que as preguntas, o xeito de formulalas, e as conclusións ofrecidas, non ofrecen unha lectura clara en clave de xénero e son poucas as conclusións que podemos tirar da macroenquisa. Algunhas das cuestións máis relacionadas co noso plan teñen a seguinte contestación:

*Os/as adultos e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero?*

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
Alumnado ESO	1.8	7.7	23.1	52.1	15.4
Alumnado BACH – FP	2	5.3	36.8	50	5.9
Profesorado	0	0	53.2	44.7	2.1
Persoal non docente	0	0	66.7	33.3	0
Familias	0	6.7	26.7	40	26.7

*Os/as estudantes son valorados por igual?*

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
Alumnado ESO	9.5	18.9	26.6	42.6	2.4
Alumnado BACH – FP	9.2	17.8	36.2	31.6	5.3
Profesorado	0	4.3	63.8	25.5	6.4
Persoal non docente	0	0	66.7	33.3	0
Familias	13.3	0	20	53.3	13.3

*O centro escolar rexeita todas as formas de discriminación?*

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
Alumnado ESO	5.3	7.7	14.2	58.6	14.2
Alumnado BACH – FP	2.6	3.3	21.7	57.2	15.1
Profesorado	0	12.8	42.6	23.4	21.3
Persoal non docente	0	50	50	0	0
Familias	0	6.7	6.7	66.7	20

As porcentaxes son sensiblemente mellores que nos resultados xerais de Galicia especialmente entre o alumnado, descendendo algo entre as familias mais ofrecendo en conxunto unha valoración positiva da situación.

En canto a condición de vítima e agresor ou agresora nas condutas negativas hai unha diferenza de 5 puntos na consideración de vítima a favor das alumnas, e de 5 puntos na de agresor a favor dos alumnos.

Poucas máis son as conclusións que podemos tirar desta macroenquisa, pero contamos con información propia que corrobora a existencia de fendas de xénero no noso centro. A máis evidente é a matrícula do alumnado nos ciclos formativos, os seis que oferta o centro das familias de Servizos socioculturais e á comunidade, e da rama Sanitaria.

	♂	♀	% ♂	% ♀
APSD	13	82	14	86
Educación Infantil	13	138	9	91
Integración social	9	37	20	80
Familia SERVIZOS	35	257	12	88
Farmacia	18	102	15	85
Documentación sanitaria	8	38	17	83
Dietética	28	69	29	71
Familia SANITARIA	54	209	21	79
TOTAL	89	466	19	81

Os números son evidentes na distribución de alumnado e amosan como aqueles traballos relacionados co coidados das persoas maiores, das máis novas ou aquelas en situación de dependencia, acadan unha porcentaxe de alumnas que ronda o 90%. Tamén o ámbito sanitario cae de xeito claro do lado das mulleres. Idénticas porcentaxes, mesmo algo máis extremos temos no profesorado que imparte clase nestes ciclos.

Na esolla dos itinerarios en Bacharelato podemos observar marcas de xénero. O alumnado masculino dobra ao feminino en ciencias, e pola contra o feminino quintuplica ao masculino en humanidades.

	♂	♀
Bacharelato CIENCIAS	20	10
Bacharelato HUMANIDADES	2	11
Bacharelato CIENCIAS SOCIAIS	10	12
<b>BACHARELATO</b>	<b>32</b>	<b>33</b>

No total do alumnado do centro hai 606 mulleres e 222 homes. A representación en órganos de decisión do IES non é parella a esta distribución de xénero. Por poñer un exemplo, as dúas persoas que presiden as Xuntas de delegadas e delegados (diúrno e modular), son homes. Na Xunta de delegadas e delegados de modular a persoa subdelegada tamén é un home, cando a porcentaxe de homes no total do alumnado adulto é dun 15 %. Tamén é maior a porcentaxe de homes delegados e subdelegados de grupo en todas as ensinanzas que ofrece o centro, pese a que en ningún dos estudos ofertados sexan maioría. Na representación do alumnado no Consello Escolar volve a suceder o mesmo, tres alumnos e unha alumna e ausencia da representación feminina nas comisións ligadas ao máximo órgano de goberno do instituto.

Con respecto ao claustro de profesorado a representación mulleres e homes sitúase nun 75 % e 25 % respectivamente. A presenza da muller en todos os órganos de goberno do centro e de coordinación docente é notoria. Equipo directivo, Consello

Escolar, Xefaturas de departamento, grupos de traballo, comisións... Aмосa o papel máis activo en todos os procesos e proxectos que se levan a cabo no centro.

Con respecto ao persoal non docente a presenza feminina é total exceptuando a un dos conserxes. A identificación das tarefas de limpeza coa muller dáse no noso centro coma en moitos outros.

Na ANPA tamén destaca a representatividade das mulleres, salvo un home, quen sintomaticamente é o elixido para representar a Asociación no Consello Escolar.

## IV. Persoas destinatarias

O plan vai dirixido, de maneira directa, a toda a comunidade educativa do IES de Chapela, conformada por alumnado, profesorado, familias e persoal non docente de conserxería, administración, servizo de limpeza e cafetería, ao entendermos que todas as persoas, tempos e espazos, coas e nos que nos relacionamos, son un elemento idóneo para a promoción da igualdade e da convivencia.

Así mesmo, e de maneira indirecta, este plan tamén persegue chegar a toda Chapela ao entender que a nosa intervención educativa, ademais de contar con diferentes asociacións e organismos da contorna na que se ubica o centro como recursos educativos, persegue un impacto social na nosa comunidade.

## V. Obxectivos

O noso centro pretende desenvolver os obxectivos coeducativos que se detallan a continuación.

### **V.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- Visibilizar os referentes de mulleres e homes en todas as áreas de coñecemento e acción da nosa sociedade a través das materias e módulos formativos.
- Impulsar a participación igualitaria efectiva das persoas que compoñen a comunidade educativa.
- Identificar e analizar as situacións de desigualdade por razón de xénero na diversidade de contextos educativo, laboral e social.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

### **V.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Promover relacións baseadas no respecto, coidado e corresponsabilidade para a prevención da violencia de xénero.
- Impulsar accións formativas para o coñecemento das causas, condutas e consecuencias da violencia de xénero, nas súas manifestacións (visibles, invisibles, sutís e explícitas) co fin de identificar, detectar e erradicar as existentes.
- Intervir nos casos detectados de violencia de xénero, empregando os mecanismos e protocolos de protección das vítimas en colaboración con axentes sociais da contorna.

### **V.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Concienciar a comunidade educativa no respecto pola diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar, a través da visibilidade, información e formación.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade sexual e familiar.



- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual ou coa identidade de xénero.

#### **V.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

- Informar e sensibilizar sobre a diversidade sexual e de identidade de xénero como medida preventiva da LGBTIfobia.
- Acompañar o alumnado na libre elección de identidade e orientación sexual, construíndo o centro como un espazo seguro e respectuoso coa diversidade LGBTI.

## VI. Medidas concretas de actuacións nos seguintes ámbitos

Antes de expoñer as medidas que desexamos implementar no noso centro educativo, introdúcense brevemente tres conceptos sobre os que se basean as nosas accións e medidas.

O primeiro sería o concepto de **ambiente educativo**, entendendo este coma un suxeito de acción, e non coma un mero obxecto, sendo así o ambiente un referente educativo e un promotor de cambio na cidadanía. Deste xeito, o ambiente, os xardíns, as rúas, as escaleiras, as estradas... todo, dentro da aula e do centro como fóra ou arredor do mesmo, pode converterse nun *terceiro educador* e así o deberemos coidar e empregar como metodoloxía intervencionista.

O segundo son os **espazos educativos significativos**, entendendo estes como lugares ou ambientes onde a aprendizaxe dáse de forma máis global e completa, atendendo ás dimensións ou competencias sociais, afectivas, motivacionais e cognitivas. Baséase na idea de que aprendemos máis canto máis motivados estamos e canto maior significado ten algo para nós, converténdose así en máis relevante para a nosa persoa. Neste sentido é moi importante o clima de aula e de centro que exista.

O terceiro e último sería a **comunidade educativa**, posto que non podemos pretender implementar medidas sen alcanzar a toda a comunidade educativa, englobando esta desde o persoal docente, alumnado e familias das mesmas, ata o persoal non docente do centro, persoal de entidades e empresas da zona, e veciños e veciñas de Chapela e arredores.

Con base nestes tres conceptos entendemos que o instituto ten que ser un lugar seguro que dea confianza ao alumnado á hora de manifestar a súa identidade, á hora de ensinar, aprender e compartir. Por todo isto propóñense as seguintes medidas:

## VI.1 Organización de centro.

Entre as **MEDIDAS XERAIS** a nivel centro propóñense:

- a) Visibilidade do compromiso do centro cos dereitos e a igualdade, cos sinais socialmente consensuados: coa identidade de xénero pintando bancos do centro coa cor morada da igualdade e coas cores da bandeira LGBT, publicitando que o IES de Chapela forma parte da Rede Educativa de Apoio LGBT a través das redes sociais, da páxina Web e dos carteis do centro.
- b) Revisión da linguaxe de todos os documentos do centro e da comunidade educativa, para que incorpore a linguaxe non sexista.
- c) Incorporación da perspectiva de xénero na actualización dos documentos de centro, especificando a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar, e a loita contra o sexismo e a LGBTIfobia no Proxecto Educativo, nas NOF e mención especial ao Plan de Convivencia:
  - Actividades para favorecer a convivencia entre as diferentes realidades sexuais.
  - Activar medidas de intervención para abordar condutas contrarias ás normas de convivencia por razón de xénero, e iniciar os protocolos correspondentes en caso de identificación de situacións de violencia de xénero ou acoso por cuestións da orientación ou identidade sexual, co agravante que supón.
- d) Xestión de forma respectuosa e coeducativa dos espazos virtuais do centro (páxina Web, blogs de departamentos, canles de YouTube, Instagram,...), cumprindo as seguintes características:
  - Uso non sexista da linguaxe en todas as plataformas.
  - Exclusión de calquera tipo de mensaxe que poida ser discriminatoria por razóns de sexo, raza, orientación sexual ou orixe.
  - Especial coidado nas ilustracións, debuxos, fotografías, etc. para que transmitan unha mensaxe de igualdade e de bo trato cara a toda a comunidade educativa e se afasten do estereotipo na representación das actividades.
  - Exposición e difusión nas plataformas de todas as actividades coeducativas que se leven a cabo no centro.
  - Estes espazos deben entenderse como un medio de intercambio de experiencias con outros centros educativos en cuestións de coeducación, e como plataforma de información mediante enlaces de interese con outros organismos públicos ou privados, asociacións, organizacións non gobernamentais, etc. que traballen pola educación para a igualdade.



Entre as **MEDIDAS CONCRETAS** por zonas ou aulas destacamos as seguintes:

- a) Confección e aplicación dun breve diagnóstico para obter datos que nos permitan coñecer o grao de sexismo no centro escolar e introducir cambios que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes:

Porcentaxes de

- Alumnas/os en Bacharelato*
- Alumnas/os en Ciclos Formativos*
- Delegadas/os de clase*
- Profesoras/es*
- Xefas/es de departamento*
- Titoras/es*
- Persoal da limpeza mulleres/homes*
- Equipo directivo mulleres/homes*
- Consello Escolar mulleres/homes*

- b) Diagnóstico na comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que faciliten o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar, de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- c) Recompilación da información sobre a situación de igualdade nas familias que conforman o noso centro a través dun cuestionario.
- d) impulso da figura de co-delegado/o co fin de favorecer a paridade na elección e ofrecer oportunidades reais de que homes e mulleres aprendan a traballar de maneira corresponsable e igualitaria en tarefas de representación.
- e) Elaboración de protocolos que respondan a todas as situacións de acoso sexual, agresión sexista, LGBTIfobia, etc.
- f) Compilación de material audiovisual específico e coeducativo que o alumnado poida visionar aproveitando o tempo no que o profesorado estea de garda e non se dispoña de material de traballo específico.
- g) Coidado dos espazos comúns:
- Promovendo o uso non sexista da linguaxe en galego na cartelería, exposicións e publicidade.
  - Eliminando calquera tipo de mensaxe que poida ser discriminatoria.
  - Incorporando contido LGBTI nos materiais, murais, carteis...
  - Dinamización dos recreos e os patios de atendendo a aspectos coeducativos.
- h) Modificación das aulas e obradoiros de clase coidando o acondicionamento para que o alumnado participe de xeito igualitario e dotando ás aulas dunha pequena biblioteca con contidos relacionado coa coeducación.
- l) Acomodación da aula de convivencia e/ou aula de meditación como espazo versátil creando un espazo cunha sección de materiais sobre diversidade sexual, onde pór películas e documentais sobre o tema e no que se contaría cun horario determinado para titorías LGBTI no que poder tratar as cuestións que lles preocupan.

## **VI.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes**

- a) Revisión do uso da linguaxe inclusiva. Realizarase unha revisión, e modificación se procede, dos documentos dos distintos departamentos para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupoña a heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.
- b) Revisión das programacións didácticas, libros de texto e material didáctico empregado na aula sobre diferentes aspectos coeducativos (valores, normas, contidos de carácter sexista, linguaxe inclusiva, representacións da muller nos ámbitos de coñecemento, diversidade de personaxes, imaxes, linguaxe sexista, propostas de actividades, etc.). A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica facilitarase aos departamentos didácticos un listado de indicadores de análise para establecer pautas comúns e consensuadas.

### **(ANEXO I)**

- c) Recompilación e entrega ao profesorado de documentación para a sensibilización en materia de igualdade, de diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar, para introducir estes contidos de maneira interdisciplinar na aula.
- d) Inclusión nas programacións didácticas de referentes de mulleres co fin de facer visible a súa contribución nas diferentes disciplinas ("o que non se nomea, non existe").

## **VI.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo**

- a) Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista dirixidas a alumnado, profesorado e familias.
- b) Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa LGBTIfobia con asociacións especialistas na materia (Nós Mesmas, Arelas, etc.).
- c) Celebración da xornada da Diversidade en colaboración con entidades da contorna.
- d) Abordaxe desde o Plan de Acción Titorial nos distintos niveis da ESO e nas horas de titoría dos seguintes contidos derivados do plan a través de obradoiros teórico-prácticos:
  - Novos modelos de masculinidades e fomento da autoestima feminina como medidas preventivas na erradicación das violencias machistas para comprender os roles de xénero, especialmente o que significa ser home, sen que iso supoña unha posición de subordinación das mulleres.
  - Educación afectiva e sexual desde o respecto pola diversidade para dar a coñecer diferentes modelos de relacións e desenvolver a construción dunha sexualidade sa e libre de calquera tipo de violencia.

- Análise das violencias de xénero en todas as súas manifestacións (visibles/invisibles e explícitas/sutís) como elemento de prevención das violencias machistas (“iceberg da violencia de xénero”).
  - Coeducación emocional: educación emocional en igualdade, coñecendo, identificando e xestionando como as emocións gobernan as nosas vidas.
  - Promoción dos coidados. Educar no autocoidado e nos coidados ás demais persoas é un elemento de fomento da cultura da paz e da prevención da violencia ao promover o respecto, a empatía, a solidariedade...
  - Corresponsabilidade e reparto igualitario dos labores domésticos entre homes e mulleres.
- e) Deseño e execución do Plan de Orientación Académica-profesional e vocacional con perspectiva de xénero atendendo a:
- Ofrecer referentes masculinos e femininos para promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero á hora elixir un itinerario educativo ou laboral.
  - Ter en conta como un dos eixes da orientación académica e profesional a centralidade no emprego, que é básica para que as persoas consigan unha autonomía económica que as converta en seres independentes.
  - Elaboración dos consellos orientadores libres de estereotipos de sexistas e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- f) Creación dun equipo de igualdade e diversidade con alumnado e profesorado co fin de ofrecer un recurso de convivencia a toda a comunidade e titorías de apoio e acompañamento ao alumnado LGBTI que así o requira.

#### **VI.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar**

- a) Promoción das actividades do centro desde unha perspectiva de xénero e da diversidade afectivo-sexual e familiar: Magosto, Nadal, Entroido, Día das Letras Galegas, festa de fin de curso...
- b) Promoción de lecturas coeducativas a través da biblioteca do centro e do club de lectura.
- c) Dotación de novos fondos documentais sobre á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero na biblioteca do centro.
- d) Creación do espazo *O recanto violeta* no vestíbulo do centro onde se recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

- e) Celebración implicando a toda a comunidade educativa e con preparación previa nas aulas, das datas: 8 de marzo - Día Internacional da Muller; 25 de novembro - Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.
- f) Organización de actividades concretas en efemérides a través de campañas de sensibilización con impacto visual (carteis, obradoiros, charlas, cinefórum, exposicións de recursos da biblioteca) sobre igualdade e diversidade afectivo-sexual durante as datas sinaladas como:
- 23 de setembro: Día da Visibilidade Bisexual
  - 11 de outubro: Día da Visibilidade e da Saída do Armario
  - 20 de novembro: Día da Memoria Transexual
  - 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia
  - 31 de marzo: Día da Visibilidade Transexual.
  - 26 de abril: Día da Visibilidade Lésbica
  - 17 de maio: Día Internacional contra a LGBTIfobia.
- g) Organización de eventos (ou participación nos que se argallen) en coordinación con diferentes asociacións e organismos da contorna en materia de igualdade.
- h) Organización de saídas e charlas (tipo *Experience girls*), onde o alumnado observe outro tipo de referentes nos postos de traballo, tanto por xénero como por xerarquía e nas que se teña en conta a perspectiva de xénero.
- i) Proposición da creación na ANPA dun grupo referente de familias formado en materia de igualdade e diversidade e da organización de charlas e actividades.
- l) Colocación dunha caixa do correo específica, accesible e visible, no que se poidan recoller opinións, queixas, problemas de convivencia e preguntas relacionadas cos aspectos deste plan.

## VII. Temporalización

O presente plan de igualdade está previsto cunha duración de tres anos. Cada ano realizaranse actuacións previstas dentro de cada apartado en función das posibilidades de acción do centro. Nun documento inicial recolleranse as actuacións anuais a desenvolver facendo fincapé na memoria do curso pasado coas propostas de mellora de cara ao seguinte curso. Haberá un seguimento trimestral das accións realizadas.

## VIII. Seguimento e avaliación

O **procedemento** para avaliar o funcionamento do presente plan de igualdade confórmase como un proceso continuo e permanente no que se van contrastando e analizando os resultados cuantitativa e cualitativamente. Un proceso de cada actuación, de xeito global, anual e na súa finalización.

Realizarase coa maior obxectividade posible con indicadores e instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances das accións. Ao avaliar os aspectos cualitativos referímonos aos relacionados cos cambios xerados arredor do maior coñecemento, toma de conciencia, sensibilización e percepción de situacións de desigualdade e discriminación por razón de xénero, violencia ou identidade.

O plan será sometido a unha avaliación anual por curso académico recollida nunha memoria final na que se incluírán as propostas de mellora continua para o vindeiro curso.

A recollida de información realízase nos seguintes **momentos**:

- Na duración total do plan: coa planificación inicial e unha memoria final ao remate.
- De xeito anual: unha programación e avaliación inicial ao comezo de cada curso escolar, co obxecto de determinar a prioridade das actuacións. No remate de cada curso académico, cunha memoria que reflecta as actuacións realizadas e o grao de concienciación da comunidade educativa.
- Cada trimestre, levando conta nun rexistro da evolución das actividades realizadas.

Os **instrumentos** de avaliación que permiten realizar esta avaliación e seguimento, así como rexistrar a información necesaria, serán os seguintes:

- *Documento inicial* sobre as actuacións anuais previstas e memoria do remate na que se recolla toda a información e as propostas de mellora para o curso seguinte.
- *Informe trimestral* que recolla un resumo das actuacións realizadas, que están enmarcadas neste plan: obradoiros, cursos, xuntanzas...
- *Enquisas individuais* de avaliación para as persoas participantes nos obradoiros e no remate das actuacións nas que participen persoas en grupo.

- *Actas* que recollan as conclusións dos grupos de traballo. Rexistro dos foros de debate.
- *Recollida documental* de material escrito e audiovisual como evidencia de cada actividade: carteis, fotos, vídeos...
- *Enquisa global* inicial e final que evidencie os cambios no grao de coñecemento, concienciación e sensibilización das persoas implicadas de xeito directo e indirecto na comunidade educativa. **(ANEXO II)**

Os **criterios de avaliación** globais que van permitir avaliar o grao de consecución xeral dos obxectivos do plan cando remate, xunto coa recollida de **evidencias** dos resultados, serán os seguintes:

- Visibilizáronse os referentes de mulleres e homes en todas as áreas de coñecemento e acción da nosa sociedade, nas diferentes materias e módulos formativos impartidas no IES. Evidencias: rexistro de cambios en cada materia didáctica; cambios nos materiais e documentos coa revisión da linguaxe non sexista; número de fondos documentais ampliados na biblioteca.
- Impulsouse a participación igualitaria efectiva das persoas que compoñen a comunidade educativa. Evidencias: datos de evolución dos órganos representativos.
- Identificáronse as situacións de desigualdade por razón de xénero na diversidade de contextos educativo, laboral e social. Evidencias: carteis, documentos das campañas, obradoiros, reunións de traballo; documentos dos diferentes departamentos e especialmente do Departamento de Orientación.
- Mudou con respecto á situación inicial a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc. Evidencias: documentos de matrícula que amosan as eleccións do alumnado; listaxe de alumnas e alumnos por cada actividade para comprobar.
- Promovéronse relacións baseadas no respecto, coidado e corresponsabilidade para a prevención da violencia de xénero. Evidencias: rexistro de condutas e amoestacións por causas de violencia de xénero; documentos de tutoría e información de persoas delegadas sobre os comportamentos nas aulas e corredores; memoria do Departamento de Orientación que recolla a evolución nas relacións.
- Impulsáronse accións formativas para o coñecemento das causas, condutas e consecuencias da violencia de xénero, nas súas manifestacións (visibles, invisibles, sutís e explícitas) co fin de identificar, detectar e erradicar as existentes.

Evidencias: número de obradoiros e accións formativas por grupos destinatarios, enquisas previas e de remate coa valoración dos coñecementos.

- Intervencións en casos de violencia de xénero, empregando os mecanismos e protocolos de protección das vítimas en colaboración con axentes sociais da contorna. Evidencias: rexistros de casos coas actuacións e desenvolvemento da situación.
- Concienciación da comunidade educativa no respecto pola diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar; a través da visibilidade, información e formación. Evidencias: número de accións como charlas, celebracións, obradoiros; enquisas específicas sobre a concepción das diversidades afectivo-sexuais; rexistro de incidencias entre o alumnado nas relacións especificadas.
- Sensibilización do profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade sexual e familiar. Evidencias: rexistro de materiais entregados ao profesorado; documentos que recollan a información sobre os resultados, informes de aplicación en cada materia.
- Aceptación, respecto e valoración das características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero. Evidencias: rexistros de convivencia con incidencias que especificamente recollan este motivo.
- Información e sensibilización sobre a diversidade sexual e de identidade de xénero como medida preventiva da LGBTIfobia. Evidencias: material visual e audiovisual dos corredores, visibilidade da diversidade; documento de apoio ao profesorado; número de charlas a familias e profesorado; número de xuntanzas con organizacións específicas de apoio ao colectivo; campañas nas que participou o IES.
- Acompañamento ao alumnado na libre elección de identidade e orientación sexual, construíndo o centro como un espazo seguro e respectuoso coa diversidade LGBTI. Evidencias: informe do Departamento de Orientación co rexistro de situacións que foron acompañadas; rexistro do grupo de mediación; entrevistas individuais.

Os **indicadores** que evidencian a realización das actuacións e a calidade e impacto de cada unha delas serán definidos para cada caso, xa que son moi diferentes. A continuación sinalamos indicadores que revisaremos anualmente para cada área de actuación.

## **1. Organización do centro educativo:**

- Accións nas que se visibiliza o compromiso do centro: materiais, espazos e redes sociais.
- Documentos e espazos nos que se incorpora a linguaxe inclusiva e non sexista, discriminatoria, estereotipada ou non inclusiva en función do xénero e a identidade sexual.
- Espazos físicos e virtuais creados ou remodelados, de difusión das actividades de sensibilización e conciencia.
- Diagnóstico e memoria coas porcentaxes divididas por sexo de participación nos diferentes grupos e plataformas.
- Diagnóstico e memoria sobre os indicadores de concienciación e cambio de percepcións de sexismo, violencia de xénero e identidades sexuais de cada compoñente da comunidade educativa.
- Medidas de intervención aplicadas a condutas contrarias ás normas de convivencia por razón de xénero ou discriminación LGBTI.
- Protocolos de violencia de xénero activados e casos detectados e atendidos.
- Cambios realizados nas mensaxes discriminatorias en material audiovisual e escrito.
- Aulas nas que existe a figura de co-delegada/o.
- Documento informativo sobre a situación de igualdade no contexto familiar.
- Listado de material audiovisual para as gardas.
- Mostras de traballos publicitarios non sexistas e en galego expostos en vestíbulo, corredores, aulas e outros espazos do centro.
- Cambios efectuados nas aulas e obradoiros en canto a espazos, materiais, coidado e bibliografía, relacionado con contidos coeducativos.
- Dotación e organización da aula de convivencia e mediación con materiais e estrutura acorde cos elementos do plan.



## **2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes:**

- Documentos dos departamentos revisados con linguaxe inclusiva, coeducativa e libre de estereotipos e discriminacións. Aplicación dos indicadores previamente achegados a cada materia na CCP.
- Programacións didácticas revisadas coa inclusión da diversidade, de referentes de mulleres visibilizadas.
- Lista de documentos entregados ao profesorado. Número de profesoras e profesores que o aplican.

## **3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:**

- Número de obradoiros, charlas e actividades sobre igualdade, violencia de xénero e identidade afectivo-sexual. Distribuídas: xeral, alumnado, profesorado, familias.
- Entidades coas que se contacta e acoden ao centro para formación ou asesoramento.
- Celebrouse a Xornada da Diversidade en colaboración con entidades da contorna.
- Contidos dinamizados dentro do Plan de Acción Titorial dos distintos niveis da ESO nas horas de titoría: educación afectiva-sexual, novas masculinidades, sensibilización de xénero, micromachismos, corresponsabilidade nos coidados, violencia de xénero, identidade sexual.
- Programa do Plan de Orientación Académica-profesional e vocacional con perspectiva de xénero.
- Elaboráronse os consellos orientadores coa perspectiva de xénero.
- Creouse o equipo de igualdade e diversidade con alumnado e profesorado.

## **4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:**

- As celebracións tradicionais do IES promocionaron a igualdade e diversidade. Accións reformuladas.
- Lecturas temáticas coeducativas promovidas pola biblioteca do centro no club de lectura e en xeral.
- Listaxe de novos fondos documentais sobre a diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero na biblioteca.
- Creouse o *Recanto violeta* no vestíbulo.
- Celebrouse o 8 de marzo, o 25 de novembro. Actividades previas nas aulas.



- Efemérides visibilizadas con actos concretos.
- Eventos organizados con organismos e entidades de mulleres da contorna.
- Saídas e conferencias organizadas de referentes.
- Propúxose na ANPA a creación do grupo de referentes. Creouse. Funcionamento e actividades relacionadas co ámbito do plan.
- Colocouse a caixa do correo específico. Funcionamento e uso do mesma.

## Referencias bibliográficas e recursos

### **BIBLIOGRAFÍA**

BRINGAS LÓPEZ, Ana et al. (2012): *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*, Vigo, Unidade de Igualdade - Universidade de Vigo.

CCOO ENSEÑANZA (2013) *Revista Trabajadores de la Enseñanza. Transexualidad, adolescencias y educación*, número 343. [[http://www.fe.ccoo.es/comunes/recursos/1/pub95919\\_n\\_343.\\_Mayo\\_de\\_2013.pdf](http://www.fe.ccoo.es/comunes/recursos/1/pub95919_n_343._Mayo_de_2013.pdf)]

DALE Spender e Elizabeth Sarah (1993): *Aprender a perder. Sexismo y educación*. Tradución de Fernando Inglés Bonilla. Barcelona, Paidós Educador.

FUMERO, Kika, MORENO LLANEZA, Marian e RUIZ REPULLO, Carmen (2016): *Escuelas libres de violencias machistas*, Mallorca, Edicións UIB.

Instrución do 6-9-19 da Dirección Xeral de Educación para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

MORENO, Emilia (2000). «La transmisión de modelos sexistas en la escuela». En Miguel A. Santos (coord.) *El harén pedagógico*, Barcelona, Graó; 11-32.

REBOLLO CATALÁN, M.ª Ángeles et al.(2011) «Diagnóstico de la cultura de género en educación: actitudes del profesorado hacia la igualdad», *Revista de Educación*, 335. 521-546. [En liña]. [[http://www.revistaeducacion.educacion.es/re355/re355\\_22.pdf](http://www.revistaeducacion.educacion.es/re355/re355_22.pdf)].

TRABA DÍAZ, Amada e VARELA CARUNCHO, Luz (2010): *Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo*, Vigo, Consello social - Universidade de Vigo.

VV.AA. (2009): *Guía para a xestión de proxectos coeducativos*, Santiago, Xunta de Galicia – Presidencia.

VV.AA. (2009): *Orientaciones para los y las Agentes de Igualdad de los Consejos Escolares*, Santa Cruz de Tenerife, Gobierno de Canarias – Consejería de Educación.

VV.AA. (2014): *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo*, Vigo, Universidade de Vigo.

VV.AA. (2015): *Abrazar la diversidad: propuestas para una educación libre de acoso homofóbico e transfóbico*, Madrid, Instituto de la Mujer.

VV.AA. (2015): *Curso Plurales*, Madrid, Ministerio de Sanidade – Ministerio de Educación.

VV.AA. (2015): *Plurales. Educación en Igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación*, Madrid, Instituto de la Mujer.

VV.AA. (2017): *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*, Santiago, Xunta de Galicia - Consellería de Cultura.

VV.AA. (2018): *Educación para la igualdad de género. Un modelo de evaluación*. Madrid, Centro Reina Sofía.

VV.AA. (2019): *Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade*, Santiago, Xunta de Galicia.

VV.AA. (2019): *Igualdad en cifras MEFP*, Madrid, Ministerio de Educación y FP.

VV.AA.: *Materias para a coeducación. Claves para e elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino*. ASPG-CIG.

## RECURSOS

### Asesoría de Igualdade

Desde o curso 2017/18 a Consellería dispón dunha Asesoría de Igualdade que está ao dispor da comunidade educativa para a resolución das consultas relacionadas coas necesidades dos centros e do persoal docente. Pódese consultar coa Asesoría cando se precise a través das seguintes vías:

Teléfono: 881 997 598 / Correo electrónico: [asesoria.igualdade@edu.xunta.gal](mailto:asesoria.igualdade@edu.xunta.gal)

### Portal de igualdade

Trátase dun recurso web de libre acceso dispoñible na seguinte ligazón:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>.

Aquí pódese atopar novas de actualidade, eventos de interese, actividades formativas, publicacións de interese, boas prácticas, premios e certames etc. No portal recóllese a información de interese producida pola Consellería pero tamén aquela información producida por outras entidades que chega a través de distintas canles. Pódese contactar coa Asesoría de Igualdade para recibir puntualmente as novidades no correo electrónico persoal.

### I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Trátase dun documento programático que recolle 27 medidas a través das cales a Consellería busca reforzar o traballo en igualdade dos centros. Pódese consultar aquí:  
[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i\\_plan\\_de\\_actuacions\\_para\\_a\\_igualdade\\_nos\\_centros\\_educativos\\_de\\_galicia\\_2016\\_2020.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i_plan_de_actuacions_para_a_igualdade_nos_centros_educativos_de_galicia_2016_2020.pdf)

### Materias específicas de igualdade

A Consellería publicou os currículos de dúas materias de libre configuración autonómica de libre elección para os centros, que se poden consultar aquí: <http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade/normativa>  
Trátase da materia de "Igualdade de Xénero" (para 1º/2º da ESO) e "Coeducación para o Século XXI" (para 1º de bacharelato). A Consellería pode contribuír ao traballo nestas materias con recursos económicos extraordinarios.

### **Ciclo Superior de Promoción de Igualdade de Xénero**

Trátase dun ciclo de formación profesional que se oferta no CIFP A Xunqueira (Pontevedra) co fin de formar persoal especializado na promoción da igualdade e na atención da violencia de xénero. Pódese consultar aquí a información sobre o ciclo: <http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade/formacion>

### **Convocatorias e premios de igualdade**

Ao longo do ano a Consellería e a Secretaría Xeral de Igualdade van publicando distintas convocatorias de premios e certames que poden ser de interese para o labor docente. Nuns casos trátase de convocatorias que sempre están relacionadas coa igualdade (Premio de curtametraxes Alice Guy-Blaché, I Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón, Concurso de carteis e pezas gráficas do 25 de novembro, Concurso de carteis e pezas gráficas do 8 de marzo). E noutros casos trátase de conovocatorias que circunstancialmente se ocupan da igualdade (Club de Letras 2019/20, Comunicatedu 2018/19, Premios Plan Proxecta).

### **Maletas de igualdade**

Trátase dun recurso bibliográfico semellante ás maletas viaxeiras de Bibliotecas escolares. Consiste en 3 maletas que se poden emprestar a través dos CFR: unha maleta de libros de lectura para educación infantil e primaria, outra para educación secundaria e outra con publicacións máis técnicas para o profesorado. Pódese consultar nesta ligazón a listaxe de publicacións que conteñen as maletas para o alumnado: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23505>

### **Pacto de Estado contra a violencia de xénero**

Por último, neste ano 2019 contamos co apoio dos recursos extraordinarios chegados a través do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o cal repercute directamente na realización de accións destinadas á comunidade educativa. Pódese consultar aquí a información sobre o Pacto de Estado:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/27097>

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/pactoEstado/home.htm>

## Glosario

**ANDROCENTRISMO:** Enfoque dun estudo, análise ou investigación unicamente desde a perspectiva masculina. Significa tomar os varóns como centro da sociedade, da ciencia, da tecnoloxía, do deporte, etc.

**COEDUCACIÓN:** Práctica educativa ao marxe do xénero feminino ou masculino; é dicir, educar a mulleres e homes partindo do feito da súa diferenza de sexo pero sen ter en conta os roles que se lles esixen cumprir desde unha sociedade sexista, por ser dun ou doutro sexo. Educar en igualdade e no feminismo.

**COLECTIVO LGTBI:** Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais (lesbianas e gais), ás persoas bisexuais, transexuais e intersexuais.

**CORRESPONSABILIDADE:** Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ambos os dous sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia - tradicionalmente asignado aos homes -, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas - tradicionalmente asignados ás mulleres - sexan asumidos e compartidos por todas as persoas da unidade de convivencia.

**CURRÍCULO OCULTO:** O que se aprende na escola dun xeito nin explícito nin intencional e que ademais o alumnado transmite sen ser consciente.

**FEMINISMO:** Movemento social e político que se inicia formalmente a finais do S. XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres, como grupo ou colectivo humano, da opresión da que foron e son obxecto, e que as move á acción para conseguir a igualdade de oportunidades entre os sexos.

**MACHISMO:** Actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento da discriminación contra as mulleres.

**PATRIARCADO:** Toma de poder histórica por parte dos homes sobre as mulleres: sometemento das mulleres, represión sexual feminina. É unha organización social, política e económica baseada na discriminación histórica que sofren as mulleres con respecto aos homes.

**PERSPECTIVA DE XÉNERO (EDUCAR EN...):** É unha metodoloxía, porque pretende unha intervención educativa distinta á que é a propia inercia no pensamento e actuación. O que se propón desde a educación con perspectiva de xénero é integrar esa perspectiva no deseño curricular, para detectar e franquear os estereotipos e prexuízos nesas prácticas, e para visibilizar as asimetrías de xénero que imperan na socialización e na educación. Busca que as persoas se cuestionen as construcións culturais e sociais e como estas consolidaron roles desiguais asociados ao xénero. Punto de vista a partir do cal se visualizan os distintos fenómenos da realidade (científica, académica, social ou política) que teñen en conta as implicacións e efectos das relacións sociais de poder entre os xéneros.

**ROLES DE XÉNERO (ESTEREOTIPOS DE XÉNERO):** Comportamentos concretos que se atribúen a mulleres ou a homes que chegan a considerarse naturais, como propios dos sexos, incluso chega a pensarse que veñen determinados de xeito xenético.

**SEXISMO:** Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato recibido polas mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

**SEXO:** Carácter dos seres orgánicos polo cal poden ser machos ou femias

**SORORIDADE:** Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

**XÉNERO:** Construción cultural segundo a cal se asigna ás persoas determinados roles, ocupacións ou valores por ter nacido muller ou home. Fálase de xénero feminino e masculino.

## Anexos

### **I. ELABORACIÓN E SELECCIÓN DE MATERIAIS**

Para a elaboración, revisión e selección de materiais curriculares ou de materiais de diferente índole, tanto se é para a súa adquisición para a biblioteca ou para o centro educativo, deberemos analizar aspectos xerais dos mesmos, observando características do contido, da linguaxe, das imaxes, dos textos, dos gráficos, do propio deseño, da estrutura...

A continuación citaremos os aspectos máis relevantes nos que nos deberemos fixar e, con base aos cales, decidiremos a idoneidade de ditos materiais. Para isto revisaremos, analizaremos e comprobaremos:

1. Que non existan posibles situacións, textos ou imaxes de sexismo ou machismo encubertos, ou de desigualdade, ou que atenten contra a dignidade humana.
2. Que se empregue unha linguaxe inclusiva e non sexista que nomee e faga visibles de forma equitativa a mulleres e homes, evitando o uso do masculino xenérico.
3. Que se inclúan imaxes e contidos que amosen respecto e reflectan a diversidade humana, coidando o equilibrio entre as presenzas de homes e mulleres en diferentes contextos, realidades e situacións e, en canto ás características e atributos que representen.
4. Que os materiais acheguen ao alumnado información sobre os feminismos e as súas achegas á igualdade e ao desenvolvemento social, así como que inclúan un tratamento crítico sobre a realidade, especialmente ante a cultura e valores de tipo patriarcal e paternalista.
5. Que se amosen referentes de cidadanía en diferentes ámbitos, oficios, tempos, actitudes, actividades, accións... sen estereotipos de xénero e que impliquen e promovan un cambio e/ou avances en igualdade de dereitos.
6. Que se visibilice e se fomente o coñecemento da diversidade sexual e de xénero permitindo evitar e corrixir as discriminacións, así como favorecer as relacións igualitarias baseadas no recoñecemento e na liberdade de elección.
7. Que os materiais promovan a perspectiva de xénero nas tarefas e nas análises de contidos, así como procuren novas liñas de pensamento e actuación que contribúan a un futuro igualitario e sen violencia.
8. Que se presenten modelos novos adaptados á realidade social, por exemplo diversos modelos de familias e de relacións, combatendo ideas preconcebidas e evitando discriminacións de calquera índole.
9. Que as exemplificacións non caian en tópicos, estereotipos e/ou xeneralidades.
10. Que os materiais non sigan canons de beleza, senón que fomenten un san autoconceito e a autoestima do alumnado.

- 11.** Que se fomenten actitudes igualitarias, de diálogo, de cooperación e liderado, así como de fondo respecto entre os xéneros, normalizando en todas as persoas a realización de actividades de crianza, laborais, de ocio e de coidado...
- 12.** Que o deseño gráfico sexa correcto e non discriminatorio, coidando o uso de cores, os tamaños, tipografías, imaxes, encadres...
- 13.** Que os datos biográficos, bibliografía e webgrafía teñan unha presenza equilibrada entre mulleres e homes, explicitando e recoñecendo as achegas das mulleres.

En caso de non atopar materiais adecuados dentro das editoriais específicas de cada unha das materias ou módulos, promoverase falar cos representantes de zona das mesmas suxerindo que se modifiquen e melloren os seus materiais incluíndo criterios de igualdade.

CRITERIOS	Cúmprese?	
	Si	Non
<b>1.</b> Non existen situacións, textos ou imaxes de sexismo, machismo ou desigualdade e inclúense imaxes e contidos que amosan equidade entre as presenzas de homes e mulleres e reflectan a diversidade humana.		
<b>2.</b> Emprégase unha linguaxe inclusiva e non sexista.		
<b>3.</b> Achegan información sobre os feminismos, movementos pola igualdade ou un tratamento crítico sobre a realidade, promovendo unha perspectiva de xénero e un cambio cara á igualdade de dereitos e oportunidades.		
<b>4.</b> Visibiliza e fomenta o coñecemento da diversidade sexual e de xénero.		
<b>5.</b> Preséntanse modelos novos adaptados á realidade social, como diversos modelos de familias e de relacións... combatendo ideas preconcebidas e evitando discriminacións de calquera índole.		
<b>6.</b> Exemplificacións que non caian en tópicos, estereotipos e/ou xeneralidades		
<b>7.</b> Fomento do san autoconcepto e a autoestima do alumnado, afastándose de canons de beleza		
<b>8.</b> Fomentan actitudes igualitarias, de diálogo, de cooperación e liderado, así como de respecto e tolerancia.		
<b>9.</b> Deseño gráfico correcto e non discriminatorio, cun uso de cores, tamaños, tipografías, imaxes, encadres, ... sen nesgo.		
<b>10.</b> Datos biográficos, bibliografía e webgrafía con presenza equilibrada entre mulleres e homes.		



## II. INDICADORES CUALITATIVOS

INDICADOR	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Persoa responsable de igualdade	Non hai	A persoa está nomeada, pero non hai xestión nin coordinación	A persoa está nomeada e xestiona a coeducación	A persoa está nomeada e coordina a coeducación
Nivel de formación no profesorado	Non hai formación	Recíbuse formación puntual	Existe un grupo de traballo en coeducación	Hai e existe formación permanente nesta materia
Nivel de intervención co alumnado	Non hai	So se traballa en efemérides	Accións titoriais individuais e unidades didácticas concretas nalgunha materia	Transversalidade no currículo
Linguaxe inclusiva	Non se usa	Úsase en letreiros, carteis, etc.	O uso depende do profesorado	Uso xeral
Visibilidade das mulleres	Invisibilización das mulleres	Visibilización só en datas concretas	Visibilización dependendo do profesorado	Visibilización transversal
Roles de xénero	Roles moi marcados en todos os niveis	As nenas copian os modelos dominantes de masculinidade. Os nenos refórzanse sen modificalo.	Grupos de nenas e nenos que modifican os roles	Nenas e nenos amosan modelos de masculinidade e feminidade igualitarios
Equipo Directivo	Remiso á igualdade	Non se implica	Apoio	Apoio e implicación
Diversidade sexual	Nin se traballa nin se visibiliza o colectivo LGBTI	Só se visibiliza nas efemérides e se imparte algún taller ao longo do curso	Visibilízase por parte de parte do profesorado e hai algunhas persoas LGBTI visibles no centro	Transversalidade no currículo. Alumnado e profesorado formado no tema, vívese con naturalidade no centro.
Identidade de xénero	Non se teñen en conta nin se visibilizan	Visibilízase nalgún momento concreto a persoas trans	Visibilidade depende do profesorado	Transversalidade no currículo. Centro inclusivo, onde as distintas identidades de xénero conviven en igualdade.

Fonte: FUMERO, Kika, MORENO LLANEZA, Marian e RUIZ REPULLO, Carmen (2016): *Escuelas libres de violencias machistas*, Mallorca, Edicións UIB; Capítulo: "Estrategia para una escuela libre de machismo".